

Mesa sectorial de 10 de novembro

Orientación

Esta Mesa Sectorial era continuación da do día 9 e nela se tratou o Concurso específico de Equipos de Orientación específicos e Varios

Concurso específico de Equipos de Orientación específicos

A CIG-Ensino fixo un chamamento á necesidade de comarcalizar estes equipos, pois ao ter ámbito provincial, existen grandes diferenzas no funcionamento, pois todos os equipos teñen unha dotación idéntica mentres o alumnado e o profesorado que teñen que atender é moito maior no caso de Pontevedra e A Coruña, máis de 100000 alumnos e alumnas e de 11000 docentes. O normal é que se establecese que cada EOE atende 20000 alumnos e alumnas e a partir de aí que se creasen tantos EOE como fosen necesarios.

Sobre o articulado a CIG-Ensino propuxo:

Art. 3: que se lle permita participar ao profesorado que está no estranxeiro. *A Consellaría aceptou a nosa proposta.*

Art. 4, falta a titulación de psicopedagogía. *Van cambiar o que di neste apartado por especialidade de Orientación Educativa, que era o que tiña que pór, foi un problema de borrador.*

Art. 7, comisión de selección, non ten sentido a conformación que se propón, é totalmente contraproducente que estea conformada por membros administrativos e non técnicos o que leva consigo que logo haxa que convocar unha subcomisión. *O Subdirector Xeral responde que o revisarán e procurarán darlle un carácter máis técnico.*

Art. 8, que se elimine o requisito da entrevista, ademais nin se sabe se vai facer ou non, queda a criterio da comisión. Se a hai tería que haber un criterio. *O Subdirector Xeral responde que se vai manter, mais que especificarán que no caso de realizarse, se lle farán a todos os participantes.*

Art. 11, Listaxes de substitución para cobertura provisional das prazas: propoñemos que as listaxes de substitucións especifiquen as especialidades, e que se acceda a substitucións exclusivamente nas especialidades ás que se presentou proxecto. *A Consellaría acepta a nosa proposta.*

Anexo 1, faltaba unha praza en Ourense de trastornos xeralizados do desenvolvemento que engadiu a Consellaría ao inicio da Mesa.



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Baremo: non está adaptado, nin sequera á terminoloxía das novas titulacións.

Formación: hai que unificar todo o que ten que ver coa formación, o normal é que se valore cada dez horas, o criterio debería ser 0,5 ptos por cada dez horas de asistencia, e 0,05 por cada 10 horas de impartición. No apartado 1.4. que se especifique que serán cursos da admón educativa.

No apartado 3.2. non aparece ningunha das titulacións ligadas á EEOOII. Ademais hai que adaptalo ao actual marco superior de estudos universitarios.

Cursos de lingua galega: no seu día a CIG-Ensino tivo unha posición contraria ás equivalencias. Mais agora están establecidas e deben aplicarse. Ampliaríamos a puntuación a 1,5. *En relación con isto Educación explicou que vai valorar os CELGA 4, tamén os cursos de iniciación e perfeccionamento e as súas validacións como CI.*

Nos anos de servizo pasaríamos a 3 ptos, por que ten moi pouco peso.

Suprimir a entrevista.

Dicir que este é un baremo que prima demasiado os méritos formativos, que case fan imposible que poida acceder novo profesorado a esas prazas. De aí que se cadra sería cuestión de ampliar a outras puntuacións.

Nos anos de servizo reclamamos que se incremente a puntuación a 3 ptos, porque ten moi pouco peso.

Insistimos novamente na supresión da entrevista.

Finalmente, desde a CIG-Ensino queremos manifestar que este é un baremo que prima demasiado os méritos formativos, que case fan imposible que poida acceder novo profesorado a esas prazas, de aí que propoñamos ampliar a outras puntuacións.

Proxecto: que se presente en galego.

A CIG-Ensino denuncia ademais que nalgúns casos, como en Pontevedra, se lle están encomendando aos EOE funcións que non lle corresponden. Denunciamos que a inspección educativa lles mande facer traballos (como a comprobación das solicitudes de PT e AL dos centros e que son necesarios) que realmente lle corresponden á propia inspección, especialmente cando estes equipos xa teñen unha carga de traballo importante.

— En relación co Concurso dos Departamentos de Orientación, que a CIG-Ensino xa reclamara na Mesa Sectorial do día 9 ao que a Consellaría respondeu que ía haber concurso, na Mesa do día 10 concretou que a convocatoria estaba pendente de que a Dirección Xeral realizase o estudo de vacantes e que até que se rematase ese estudo non se poderían realizar a convocatoria. Que a intención da Consellaría é realizar todos os concursos específicos e, por tanto, tamén o de orietación, aínda que non poida ser simultaneado co Concurso Xeral de Traslados. A CIG-Ensino reclamou que as vacantes dos Departamentos de Orientación e os seus criterios sexan negociadas na Mesa Sectorial e nas Xuntas de Persoal.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

PROPOSTAS DA CIG-ENSINO PARA A ORIENTACIÓN ESCOLAR

- Conseguir orzamentos e dotacións suficientes para os departamentos de orientación.
- Dotar todos os centros de 6 ou máis unidades con departamentos de orientación.
- Incrementar o número de orientadores/as en todos os centros de máis de 12 unidades.
- Catalogar o profesorado de AL en todos os centros educativos.
- Maior redución horaria para exercer a titoría.
- Cubrir todas as necesidades demandadas polos centros de profesorado de PT e AL.
- A defensa dun modelo de orientación que contemple os 3 niveis da orientación educativa:
 - **O primeiro nivel**, mediante a potenciación da titoría. Redución horaria para exercer esta función.
 - **O segundo nivel**, mediante a xeneralización dos departamentos de orientación a todos os centros de Educación Infantil e Primaria. Todos os centros de 6 ou máis unidades terán un departamento de orientación cun orientador á fronte. Ningún centro terá adscritos outros centros para o servizo de orientación. As unitarias e os centros incompletos (centros de menos de 6 unidades) serán dotados de orientadores/as necesarios/as, tendo como referencia un orientador/a por cada 6 unidades.
 - **O terceiro nivel**, mediante o fortalecemento, ampliación de especialidades e o aumento dos Equipos Específicos. É imposible que ofrezan un bo servizo porque teñen que atender un número elevado de alumnado, fundamentalmente os da Coruña e Pontevedra. En consecuencia, propoñemos establecer unha comarcalización dos Equipos Específicos, conformándose nas diferentes comarcas e tendo en conta o número de alumnado escolarizado.
- A creación dunha Unidade Técnica de coordinación, programación e plans de actuación específicos no campo da orientación. Creación dun banco de recursos de orientación na páxina web da Consellaría cos materiais que se vaian elaborando nos diferentes departamentos de orientación.
- A dotación a todos os centros de especialistas de PT e de AL: como mínimo, en centros de até 6 unidades, 1PT; en centros de 6 a 12 unidades 1 PT e 1AL, en centros de 12 a 18 unidades 2 PT e AL e así sucesivamente. En todo caso, todos os centros terán a atención necesaria de especialistas de PT e AL.
- Un plan de formación efectivo para todos os orientadores/as.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com